



ERRADICAR A SEROFobia, O ESTIGMA E A DISCRIMINACIÓN CARA AS PERSOAS VIH POSITIVAS NO ÁMBITO DO TRABALLO, O RETO DOS SINDICATOS E AS ORGANIZACIÓNS CIVÍS

Os avances nos tratamentos médicos favoreceron grandes melloras no estado de saúde así como na esperanza e a calidade de vida das persoas con VIH. Con todo, estes avances non foron tan significativos no ámbito dos dereitos humanos e, en concreto, non o foron no emprego, tamén vinculado coa calidade de vida da persoa, debido a que ten unha alta asociación positiva tanto coa dimensión da saúde física como da mental.

Falar de VIH no emprego é falar de dereitos humanos, xa que a falta dunha información axeitada en torno ao VIH no ámbito laboral contribúe a perpetuar un medo á propagación fácil da infección e á vixencia de prexuízos e estereotipos asociados á mesma, que acaban xerando situacións de discriminación e de vulneración de dereitos cara ás persoas co VIH no ámbito laboral. Estas situacións provocan que moitas persoas co VIH non poidan ter un traballo estable, vivan con medo de que se coñeza o seu seroestatus, non sexan contratadas ou poidan perder o seu traballo... Desta forma, o VIH continúa vivíndose en silencio e en soidade, de xeito invisible.

Ante esta situación, as organizacións asinantes, avogamos por implementar campañas que aborden o estigma e a discriminación cara ás persoas VIH positivas, a que se teñan en conta as súas necesidades e realidades e, por conseguinte, a que tamén se teñan en conta aqueles factores que as fan máis vulnerables ante a sociedade e no seu propio posto de traballo.

Por iso, esiximos á administración que interveña adecuadamente e que lexisle para mellorar esta realidade, deseñando políticas e investindo forzas e recursos axustados á problemática para solucionar unha situación que leva desde o principio da pandemia enquistada na nosa sociedade.

Neste sentido, reivindicamos un Pacto de Estado fronte ao VIH, o estigma e a discriminación, que eduque e recolla as diferentes ferramentas biomédicas para poder incluílas nas estratexias que faciliten a autonomía e o empoderamento das persoas e que se adapten ás súas necesidades e complexidades, en constante cambio, que vaian acompañadas dun novo marco legal e político así como unha educación sexual regulada onde as persoas que viven con VIH sexan visibles e estean incluídas.

O devandito Pacto de Estado debería incluír:

- a. Medidas efectivas de igualdade no acceso ao emprego de persoas VIH positivas, como a supresión dos requisitos que supoñan a eliminación directa das persoas con VIH para calquera ocupación, especialmente para o emprego ou función pública, así como o cambio de consideración do VIH como enfermidade transmisíbel e non contaxiosa.
- b. Accións reais que, como sociedade, permítannos avanzar na resposta contra a serofobia, o estigma e a estigmatización en todas as esferas da vida das persoas con VIH. Especialmente, no caso das mulleres co VIH, xa que, por razóns de xénero teñen menos posibilidades que os homes para acceder ao mercado laboral.
- c. Unha maior protección para as persoas con VIH no acceso e a permanencia no emprego, mediante a aprobación de medidas legislativas que prohiban de forma específica a discriminación das persoas con VIH no ámbito laboral así como a realización de determinadas prácticas como a realización da proba de detección do VIH nos recoñecementos médicos de empresa.
- d. Medidas dirixidas a favorecer a inserción laboral ou o cumprimento dos seus dereitos en materia de pensións económicas tendo en conta o impacto do envellecemento prematuro de 10 anos nas persoas co VIH.
- e. Avogamos por favorecer o diálogo social e a negociación colectiva co goberno, organizacións empresariais e administracións públicas co obxecto de introducir medidas dirixidas a erradicar a discriminación no emprego así como a facilitar a empregabilidade e un salario digno ás persoas máis vulnerables.

Desde as organizacións que asinamos este manifesto, reafirmamos un ano máis o noso compromiso no tra allocoordinado á hora de lograr a participación e a responsabilidade compartida na resposta ao VIH e á sida de todas as persoas e de todos os interlocutores sociais, incluíndo a Gobernos, o sector empresarial, as organizacións sindicais e a propia cidadanía.

